



REMEDIO PARA ALIVIAR A DOR DE MOAS

Primeiro debemos mezclar a partes iguais sal de mesa e pementa con un pouco de auga. Con esta mezcla faremos unha pasta que aplicaremos no dente infectado e deixaremos actuar durante un par de minutos.

Despois mezclaremos auga morna con sal e enxaugaremos durante un anaco.



REMEDIO PARA ALIVIAR A TOS

Preparamos unha infusión de romeu, para iso quentamos auga nun cazo e cando comece a ferver engadimos unha culleradiña de romeu. Apagamos o lume e tapamos a infusión deixándoa repousar uns 10 minutos. Coamos a infusión e cando este morna tomámola.



REMEDIO PARA ALIVIAR A DOR DE GARGANTA

Poñemos 300 ml de auga a quecer nun cazo e engadímoslle as follas e un talo de menta. Cando a auga ferva apagamos e coamos a infusión. Engadímoslle unha boa cullerada de mel e remexemos. Debemos tomala morna para que faga efecto podendo tomala varias veces ao día.



REMEDIO PARA ALIVIAR A DOR DE CABEZA

Colocar un pouco de xeo envolto nun pano de algodón e colocalo na acaluga e na cabeza durante breves periodos de tempo.



REMEDIO PARA EVITAR A INFECCIÓN NAS QUEIMADURAS

Botar vinagre na queimadura. Isto funcionará como antiséptico natural combatendo os xermes ademais de aliviar a dor provocada polas queimaduras.



REMEDIO PARA ALIVIAR A TOS

Collemos unha cebola de bo tamaño e partímola en varios anacos grandes. Xusto antes de ir a durmir colocamos a cebola nun plato e poñemola na habitación da persoa que ten tos. Cando a tos era moi forte e persistente, a miña avoa engadíalle á cebola unha cucharada de azúcre e unas gotas de auga para que o remedio fose máis eficaz.



REMEDIO PARA A DESCONXESTIÓN NASAL

Colocamos nunha pota auga e engadímoslle varias follas de eucalipto seco. Deixamos ferver un anaco e despois colocamos a pota cerca do enfermo facendo que respire ese vapor. Os efectos serán inmediatos.